

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE MAIO DE 2011

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/463/2011.- FUNDACION DA CIDADE DA CULTURA. Legalización das obras executadas ata a data correspondentes ao Teatro da Música (Escenario Obradoiro, Centro de Recursos Escénicos e Musicais) no Monte Gaiás.

LIC/351/2011.- A CASA DO RESTOLLAL C.B.- Derruba de edificación sita na Travesa do Restollal.

LIC/2641/2010.- MARIA DEL MAR PEREIRA GONZALEZ.- Vivenda unifamiliar adousada na rúa Rial de Conxo.

LIC/2179/2010.- JOSE MANUEL VIÑAS DIAZ.- Vivenda unifamiliar no Lugar de Lamas de Laraño

LIC/467/2010 e LAP/104/2009.- FATIMA GÓMEZ GONDELLE.- Construcción de nova edificación e apertura de tenda de peluquería canina na rúa das Condomiñas.

LIC/2015/2010.- ROSA MARIA ABELENDA MIRAMONTES.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Gallufe, 3, Santa Cristina de Fecha.

LIC/2065/2010.- ISABEL MOSQUERA TABOADA.- Construcción de vivenda familiar illada no lugar de Porto de Conxo.

LIC/40/2010.- MARINA MOSQUERA CALVO.- Derruba de vivenda unifamiliar na rúa Canteira de Arriba, 24.

LIC/2030/2010.- JORGE FERRER GONZALEZ.- Subsanan acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de abril de 2011 polo que se concede a licenza de parcelación da parcela sita no lugar de Silvouta, finca 172 do Plano xeral de Concentración parcelaria de Santa María de Vilvestro.

LIC/146/2011.- LUCIA NOYA REY.- Subsanan erro material do acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de marzo de 2011.

LIC/1662/2010 e LAP/194/2010.- MANUEL CASTIÑEIRAS PEREZ.- Licenza de obra e apertura dunha nave almacén de produtos textiles na rúa Boisaca- parcela C27- SUNP-34.

PARCELACIONES

LIC/671/2011.- ALFONSO SENDE SENDE.- Parcelación de parte da parcela número 391 do Plano xeral de concentración parcelaria de San Martiño de Aríns (+)

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

812/11.- MONTE DO CORGO SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDA.....
Expte. Lic/1676/2007 30.000 €

792/2011.- PILAR CARBALLIDO MARTINEZ.- LIC/2342/20011.720,82 €

DIS/589/2005.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA GARCÍA PRIETO, 9-11.- Modificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de marzo de 2011 polo que se resolven os recursos de reposición interpostos pola Comunidade de propietarios da rúa García Prieto, 9-11.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/1945/2010.- JULIO BLANCO GARCÍA.- Demolición de edificación na rúa do Pexigo de Abaixo nº 3.

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse varias axudas por un importe total de 13.641,60 euros.

5.- Proposta das concelleiras delegadas de Seguridade Cidadá e Persoal relativa á provisión do posto de traballo de adxunto á xefatura do servizo de Extinción de Incendios polo sistema de libre designación.

Apróbase a lista de admitidos e de excluídos.

6.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das bases específicas da convocatoria de prazas da Oferta de Emprego do Concello do ano 2010.

Apróbanse as bases específicas da convocatoria para a provisión dunha praza de técnico de consumo e de catro prazas de coordinador de centro sociocultural, a cubrir pola quenda de promoción interna.

7.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos prazos de reserva de praza do alumnado, solicitudes de admisión de novo alumnado e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso 2011-2012, así como o procedemento para a súa realización.

Apróbanse os devanditos prazos.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos prazos de reserva de praza e de admisión de novas solicitudes para os obradoiros das escolas infantís de Conxo e Fontiñas, para o verán e para o curso 2011-2012,

Apróbanse os seguintes prazos:

Para os xa matriculados: entrega de solicitudes entre o 9 e o 16 de maio

Publicación da lista de admitidos xa matriculados: 18 de maio

Prazo para novas solicitudes: do 19 ao 26 de maio

Publicación da lista de novos admitidos: 31 de maio.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa a solicitar autorización á Consellería de Educación para desafectar parte do CEIP Apóstolo Santiago (na Almáliga) para a construción dun centro xove de creación cultural.

Solicítase a correspondente autorización.

10 a 53.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto do lixo, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

54.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de convenios con diversas Asociacións e Fundacións.

Apróbanse convenios coas seguintes asociacións e coa achega municipal que se sinala:

- asociación galega para a axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGADEA): 3.065,10 euros.

- asociación de pais de persoas con transtornos do espectro autista da provincia da Coruña (ASPANAES): 2.635 euros.

- asociación voluntarias de la Caridad de San Vicente de Paúl: 3.660,10 euros.

- asociación Síndrome de Down Compostela: 2.705,05 euros.

- fundación Secretariado Xitano: 19.700 euros

55.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación e publicación das convocatorias "Programa de Incentivos Compostela Activa 2011" e "Concurso de Novas Ideas Empresariais Compostela Activa 2011".

Apróbanse as bases e un orzamento de 60.000 euros para o programa de incentivos e de 24.000 euros para o concurso de novas ideas.

56.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación da adhesión do Concello ao convenio de colaboración entre o Ministerio da Presidencia e a Sociedade Estatal correos y Telégrafos, para a prestación dos servizos de notificacións electrónicas e de dirección electrónica Habilitada.

Apróbase a adhesión do Concello ao devandito convenio.

57.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á obtención de certificados electrónicos para a posta en marcha de servizos de Administración Electrónica e a sede electrónica do Concello a través do contrato asinado entre a Xunta

de Galicia e a Fábrica Nacional da Moeda e Timbre (FNMT-RCM), así como a creación da oficina de Rexistro para a xestión de certificados electrónicos AP emitidos pola FNMT-RCM.

Acéptase o ofrecemento da Xunta polo que o Concello pode obter os servizos de certificación da FNMT-RCM e a realización de todos os trámites necesarios para que esta aceptación teña efecto.

58.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación das Bases e concerto de presentación do 4º certame MÚSICA XOVE 2011, dos locais municipais de Música para a xuventude de Compostela.

Apróbanse as bases e un orzamento de 16.197,48 euros.

59.- Adxudicación do contrato de Subministro de cascos polivalentes para a intervención en lumes para o Servizo de Extinción de Incendios.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa PEYCAR PONTEVEDRA, SL, por importe de 33.474,24 euros.

60.- Adxudicación do contrato de Sistema de xestión de sancións de tráfico en mobilidade para a Policía Local

Adxudícase o contrato de referencia á empresa TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU, por importe de 31.679,40 euros.

61.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de atención domiciliaria e comunitaria á infancia.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo máximo de licitación de 50.000 euros/ano e un prazo de duración dun ano en función dos seguintes prezos máximos por hora:

Hora ordinaria: 14,65 euros máis IVE (8%)

Hora fin de semana: 16,73 euros máis IVE (8%)

Hora nocturna: 16,61 euros máis IVE (8%)

62.- Prórroga do contrato de Servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

Prorrógase por un ano o contrato de referencia suscrito coa empresa SERVICIOS Y MATERIALES, SA, e revísase o prezo do contrato. Importe: 1.025.782,45 euros.

63.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade relativa á solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 3.3.2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011.

Solicítanse á Xunta dúas subvencións para servizos sociais comunitarios, por importe de 928.699,56 euros, e para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano, por importe de 47.802,29 euros.

64.- Proposta da concelleira de Educación relativa á aprobación do gasto e adxudicación dos traballos para a realización da actividade "Cibercaixa. Quedamos ao saír de Clase" dentro das actividades de dinamización no Ceip de Roxos-Villestro.

Adxudícase á empresa Abel Vázquez e Blanca María o contrato referido por importe de 17.989,10 ata o 31 de xullo de 2011.

65.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á apertura provisional das pistas de pádel e tenis.

Apróbase a apertura e as normas básicas de funcionamento.

66.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á recepción de instalacións deportivas.

Dáse conta da recepción do campo de fútbol de Santa María de Villestro e do Pavillón polideportivo de Fontiñas.

67.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á aprobación da xustificación dos fondos percibidos pola Fundación Refuxio de Animais.

Apróbase a xustificación.

68.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio e o Concello para o financiamento dos gastos da oficina de Rehabilitación.

Dáse conta do convenio de colaboración polo que o Consorcio achega 110.000 euros.

69.- Dar conta da resolución da concelleira delegada de Servizos relativa á autorización para a execución dunha obra.

Autorízase á empresa DAVIÑA SL, a executar as obras de reforma do alumeadado público na estrada de acceso ao Centro Sociocultural de Santa Cristina de Fecha que supón un importe de 7.471,81 euros.

URXENCIAS

1.- Recíbense as obras de urbanización executadas no polígono único do Plan de sectorización do SUNP-5 (A Muíña), segundo a acta de finalización asinada por EMUVISSA e a empresa adxudicataria.

2.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a contratación do servizo de organización da celebración da Festa dos Maiores 2011 por procedemento negociado sen publicidade, cun gasto máximo previsto de 50.000 euros.

3.- Dáse conformidade á inclusión da obra de reforzo de firme na vía pública en Barciela na segunda fase do Plan de Obras e Servizos Adicional 1/2010 da Deputación da Coruña cuxo presuposto ascende á cantidade de 113.398,02 euros e que se financiará integramente coas baixas da Deputación na adxudicación do POS 2010, sen necesidade de achega por parte do Concello.

4.- Acórdase solicitar a prórroga do prazo de execución das obras de ampliación da rede de abastecemento na Susana e Marrozos ata o vindeiro 31 de decembro de 2011.